

dese á publicación das subvencións concedidas por resolución do conselleiro de Economía e Industria relacionadas no anexo.

Norma reguladora: Orde do 9 de abril de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas nos parques empresariais e recintos de localización preferente de empresas na Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva e procédese á súa convocatoria para o ano 2010 (IN519B).

Programa	Denominación	Crédito
08.04.732-A 781.0	Asociacións e institucións sen ánimo de lucro: actuacións en materia de infraestruturas en polígonos industriais.	24.194,13 €
08.04.732-A 760.0	Concellos. Actuacións para infraestruturas en polígonos industriais.	3.718.293,34 €

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2011.

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria

ANEXO

Beneficiario	Importe subvencionado	Denominación proxecto
Concello de Cabanas	155.725,34	Construción de canalización de rede de servizos de telecomunicacións
Asociación de Empresarios do Polígono Industrial de Tremoedo	4.640,00	Creación dun portal web de uso común
Asociación de Empresarios A Pasaxe	8.360,00	Portal web de uso común para a Asociación de Empresarios A Pasaxe
Concello de Meaño	26.066,20	Implantación de sistema de comunicacións por onda portadora para sistema de alarma e rede wifi, control de calidade da subministración eléctrica no parque empresarial da Pedreira
Concello de Villamarín	159.954,30	Mellora dos accesos ao parque empresarial de Villamarín
Concello da Cañiza	406.036,74	Estación depuradora polígono industrial
Concello de Coirós	161.495,04	Reforma iluminación pública en parque empresarial de Coirós
Concello de Vilar de Santos	39.200,00	Mellora e acondicionamento do acceso ao polígono industrial Santa Marta
Concello das Somozas	302.508,26	Instalacións para a subministración centralizada de enerxía eléctrica á fase II do polígono industrial das Somozas
Concello de Santa Comba	34.021,62	Mellora infraestrutura do saneamento do Polígono Industrial de Santa Comba
Concello de Cambados	23.943,32	L.M.T.S. peche bucle no Polígono Industrial Sete Pías
Concello de Campo Lameiro	4.720,00	Portal web de uso común para o Parque Empresarial A Facha
Concello de Cambre	87.069,20	Implantación dun sistema de comunicacións por onda portadora para sistema de alarma e rede wifi, control da calidade da subministración eléctrica e xestión enerxética do parque empresarial Espírito Santo
Concello de Chantada	44.541,47	Implantación de sistema de comunicación por onda portadora (alarma e rede wifi), control e xestión enerxética
Concello de Ribadumia	47.141,41	Implantación de sistema comunicacións por onda portadora para sistema alarma e rede wifi, control calidade da subministración eléctrica e xestión enerxética no parque empresarial de Ribadumia
Concello de Ribadumia	58.704,53	Sistema de vídeo vixilancia no polígono industrial do Salnés
Concello de Vilanova de Arousa	101.240,82	Acceso a banda ampla das empresas situadas no polígono de Baión
Concello de Cambados	159.992,14	Implantación de sistema de comunicacións por onda portadora, sistema de alarma, wifi, control de calidade
Concello de Carral	108.725,82	Proxecto de implantación de sistema de comunicacións para sistema de alarma, wifi e control de calidade eléctrica

Beneficiario	Importe subvencionado	Denominación proxecto
Concello do Porriño	155.047,82	Proxecto de implantación dun sistema de comunicacións por onda portadora para sistema de alarma e wifi, control da calidade da subministración eléctrica no parque da Granxa
Concello de Forcarei	53.641,49	Implantación dun sistema de comunicacións por onda portadora para sistema de alarma e rede wifi, control da calidade da subministración eléctrica no parque empresarial de Cachafeiro
Concello de Cospeito	64.000,00	Mellora da rede de rede de sumidoiros e servizos básicos do parque empresarial de Muimenta
Asociación de Empresarios de Bergondo	6.358,40	Configuración e instalación de rede wifi no polígono de Bergondo
Asociación de Empresarios do Polígono de Coirós	4.219,20	Configuración e instalación rede wifi polígono de Coirós
Concello de Aranga	115.226,98	Instalación de rede wifi das empresas do Concello de Aranga
Concello de Ortigueira	65.548,53	Instalación de rede sen fíos no polígono industrial de Ortigueira
Concello de Xinzo de Limia	159.999,99	Instalación de rede de gas canalizado no parque empresarial de Xinzo de Limia
Concello de Curtis	42.043,16	Mini puntos limpos no polígono industrial de Curtis-Teixeiro
Concello de Curtis	73.307,36	Proxecto de sistema de seguridade e vídeo vixilancia para o Polígono Industrial de Curtis-Teixeiro
Concello da Pobra do Caramiñal	175.407,11	Proxecto dun sistema de circuíto pechado de televisión no polígono da Tomada
Concello de Vilalba	174.738,65	Mellora de accesos no Polígono Industrial Sete Pontes

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 22 de decembro de 2010 pola que se resolve a convocatoria da Orde do 28 de xaneiro de 2010 (Diario Oficial de Galicia do 8 de marzo), pola que se convocan axudas económicas para compensar gastos derivados dos accidentes de tráfico de persoal en función docente ou inspectora.

Por Orde do 28 de xaneiro de 2010 convócanse axudas económicas para compensar gastos derivados dos accidentes de tráfico do persoal en función docente ou inspectora.

As solicitudes admitidas foron estudadas pola comisión de valoración nomeada na propia orde da convocatoria.

En consecuencia, de acordo co establecido na disposición sexta da citada orde e atendendo á proposta da comisión de valoración, esta consellería

RESOLVE:

Primeiro.-Facer pública a adxudicación da citada axuda ás seguintes persoas e nas contías que se relacionan:

-Álvarez Díaz, Eva: 4.891,79 €.

-Estévez Solla, José Luís: 405,59 €.

- Llorente Fernández, M^a Ángeles: 514,30 €.
- Gil Oubiña, María Esther: 345,24 €.
- Gómez Villaverde, Marcos José: 1.543,54 €.
- Fernández Tornavacas, Verónica: 300,00 €.
- Arceo Vilas, Luís: 396,55 €.
- Otero Romero, M^a Josefa: 1.124,81 €.
- Fernández Aмосa, César: 300,00 €.
- Villaverde Pais, María Teresa: 3.281,00 €.
- Pérez Alberte, Laura: 3.033,59 €.
- Prado Lorenzo, Jesús Ramón: 47,73 €.
- Lamela Vilariño, Paz: 4.144,00 €.
- López López, Ligia: 498,86 €.
- López Rábade, Álvaro Alfonso: 150,00 €.
- Tubío Lorenzo, José: 2.145,02 €.

Segundo.- Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, caberá interpor potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2010.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

Resolución do 11 de xaneiro de 2011, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convocan de xeito ordinario probas de acceso a ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional en centros docentes sostidos con fondos públicos, para o ano 2011.

O punto 1 do artigo 3º da Orde do 2 de decembro de 2008 pola que se regulan as probas de acceso aos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo establece que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convocará de xeito ordinario e con carácter anual probas de acceso a ciclos formativos de grao medio e de grao superior por medio de resolución da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, ás cales poderán concorrer as persoas que non cumpran os requisitos académicos que permitan o acceso directo aos ciclos formativos.

A disposición derradeira primeira da dita orde autoriza a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para ditar as

instrucións que cumpran para o desenvolvemento e a aplicación do previsto nela.

Na súa virtude, esta dirección xeral

RESOLVE:

Anunciar a convocatoria ordinaria para o ano 2011 de realización das probas de acceso a ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional inicial, consonte as seguintes disposicións:

CAPÍTULO I

CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO

Primeiro.-*Datas das probas de acceso e lugares de inscrición.*

1. A solicitude de inscrición para as probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio presentarase por duplicado na secretaría de calquera instituto de educación secundaria ou centro integrado de formación profesional onde se impartan ciclos formativos de formación profesional, no prazo comprendido entre os días 28 de febreiro e 11 de marzo de 2011, ambos os dous incluídos, segundo o modelo do anexo I recollido na Orde do 2 de decembro 2008 pola que se regulan as probas de acceso aos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo. O centro que tramite a dita solicitude deberalle entregar á persoa solicitante unha copia selada desta.

2. Estes centros tramitarán a información referente ao alumnado participante nas probas de acceso a ciclos formativos a través da aplicación informática facilitada pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

3. O alumnado que estea a cursar un programa de cualificación profesional inicial poderá solicitar exención da parte científico-técnica no momento de se inscribir para a proba. Para iso deberá presentar, xunto coa solicitude de inscrición para a proba, unha certificación acreditativa de estar cursando as ditas ensinanzas, segundo o anexo I desta resolución. A certificación será expedida polo centro onde estea a cursar o PCPI. A concesión da referida exención quedará condicionada a que a persoa aspirante supere todos os módulos obrigatorios antes da data de realización da proba.

Segundo.-*Publicación de listaxes provisorias e definitivas de persoas admitidas e excluídas, de exención, de probas adaptadas, de cualificacións e de lugares de realización da proba.*

Quen desexar información puntual no relativo ás publicacións en todo o proceso do desenvolvemento das probas de acceso poderá dirixirse ao lugar onde realízase a súa inscrición, ao centro onde realice as probas ou ben á páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>, onde se